



Novo Auxiliar de Conversa no CEIP López Ferreiro

Enviado por [admin1](#) [1] o Lun, 01/27/2025 - 19:58

[Curso 24_25](#) [2] [Seccións bilingües](#) [3]

O programa de auxiliares de conversa, é unha iniciativa complementaria de apoio e colaboración de profesorado, nativo prioritariamente nos centros Plurilingües, Escolas Oficiais de Idiomas, ou en escolas con Seccións Bilingües, coma a nosa. Esta proposta, xoga un papel fundamental na promoción da competencia lingüística do alumnado, especialmente en linguas estranxeiras. A súa actividade está regulada pola ORDE do 12 de maio de 2011, pola que se establecen as directrices para o seu traballo en colaboración co profesorado, contribuíndo a mellorar as habilidades comunicativas e culturais do alumnado.

Estes/as auxiliares, procedentes de diversos países, enriquecen o proceso educativo aportando unha perspectiva internacional e práctica da lingua. Ademais, a súa presenza nas aulas fomenta o interese pola aprendizaxe de linguas estranxeiras e a diversidade cultural.

Este curso 2024-25, temos a gran sorte de recibir a **Mikke**, o novo auxiliar de conversa en inglés! Mikke vén de Manila, Filipinas, e únese ao noso equipo para enriquecer a aprendizaxe do alumnado. Co seu apoio, a rapazada terá a oportunidade de mellorar mediante actividades dinámicas e conversas auténticas.

Sen dúbida será unha experiencia inesquecible para todas/os!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/643>

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/49>